



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña, A Coruña
Tels.: 981 886 501
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Jose Antonio Pereira Gil, alcalde do concello da Baña, na data da sinatura dixital, en presenza da secretaria accidental de dito concello, emito o seguinte decreto:

Asunto: I CONCURSO DE DECORACIÓN DE NADAL DAS ALDEAS DA BAÑA

Expte. TEDEC: 2025/G003/000948 (Decreto).

Expte. TEDEC: 2025/X998/000211 (Premios).

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento ó que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Visto que o Concello da Baña vai levar a cabo o I Concurso de decoración de Nadal das aldeas do Concello da Baña, co fin de celebrar a festividade do Nadal tan relevante para a cultura local.

Visto que o artigo 25.2, nos seus apartados l) e m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, dispón que os municipios exercerán en todo caso competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas, nas materias de ocupación do tempo libre e promoción económica.

Visto que os concellos son competentes para promover a cultura no seu municipio e deben entenderse incluídas todo tipo de manifestacións culturais e de normalización da lingua galega desenvolvidas no ámbito local e, en sentido amplo, incluídas as festas populares propias de cada localidade con base na normativa vixente no ámbito cultural en conexión co principio de autonomía local.

Visto que é necesario aprobar unhas bases reguladoras do citado concurso que establezan as normas básicas que o regulen.

Visto que o réxime de publicación dos actos administrativos de carácter xeral ou que teñan por destinatarios unha pluralidade indeterminada de persoas está recollido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Visto que neste caso non é precisa unha consignación orzamentaria ao non implicar unha obriga de pago.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e en aplicación do artigo 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. **Resolvo:**

Primeiro: Aprobar as bases do I Concurso de decoración de Nadal das aldeas do Concello da Baña que se transcriben a continuación:

“BASES DO I CONCURSO DE DECORACIÓN DE NADAL DAS ALDEAS DA BAÑA

O Nadal é unha festa con grande tradición no Concello da Baña e nela participa toda a veciñanza. Co obxectivo de celebrar estas festas tan significativas e, de fomentar a participación cidadá e embelecer o noso municipio durante a temporada do nadal o Concello da Baña, dende a Concellería de Turismo, deporte e relacións institucionais, se convoca o I Concurso de Decoración de Nadal do Concello da Baña, que se rexe polas seguintes bases que, se publicaran na páxina web municipal e nas redes sociais do Concello e do Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

1. Obxecto

O Concello da Baña convoca este concurso co obxectivo de fomentar o espírito do Nadal, impulsar a creatividade veciñal e poñer en valor as aldeas do municipio mediante a decoración dos seus espazos públicos ou privados, sempre que formen parte do exterior e sexan visibles dende a rúa.

2. Persoas participantes

Poderán participar todas as aldeas do termo municipal da Baña, entendidas como agrupacións veciñais sen personalidade xurídica.

A persoa representante da aldea deberá ser maior de idade e dispoñer de plena capacidade de obrar. No caso de persoas menores ou sen capacidade legal plena, será necesaria a autorización da nai, do pai ou da persoa titora legal.

3. Forma de participación

Cada aldea deberá **elaborar unha decoración de Nadal** nun espazo público da súa elección.

- A participación formalizarase mediante o envío dun vídeo de aproximadamente 2 minutos no que se mostre a decoración do Nadal da aldea/parroquia ou Lugar.

Requisitos do vídeo e da inscrición:

- **Duración:** o vídeo deberá ter unha duración aproximada de 2 minutos.
- **Contido:** debe amosar con claridade a totalidade da decoración instalada.
- **Autenticidade:** o vídeo debe corresponder á aldea inscrita e ser gravado especificamente para o concurso.
- **Envío:** deberá remitirse por WhatsApp ao número **620 980 631** antes do **19 de decembro de 2025**.
- **Requisito de participación:** é **obligatorio** entregar o **Anexo I** cuberto e enviar o vídeo; a falta de calquera dos dous implicará que a candidatura non sexa admitida.
- **Presentación do Anexo I:** poderá realizarse presencialmente no Concello da Baña ou por correo electrónico a correo@concellodabana.gal, enviando o Anexo I cuberto ou o seu contido transcrito.

Disposición da decoración:

- A decoración deberá permanecer instalada do 19 de decembro de 2025 ao 8 de xaneiro de 2026, ambos incluídos.
- O non cumprimento deste período poderá supor a exclusión do concurso, salvo causa xustificada valorada pola Comisión Permanente.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña, A Coruña
Tels.: 981 886 501
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

- Para proxectos colectivos, a decoración deberá ser visitable polo público de forma libre e gratuíta.
- Calquera dano ou avaría será responsabilidade da aldea participante.
- A decoración deberá incluír visiblemente o texto “**Nadal na Baña**”.
- O desmonte realizarase a partir do 8 de xaneiro de 2026.

4. Organización

A organización do concurso corresponde ao **Concello da Baña**, que poderá resolver calquera incidencia non prevista nestas bases.

Para calquera consulta: : ☐ correo@concellodabana.gal

5. Sistema de selección

- A elección da aldea gañadora realizarase mediante votación pública nas redes sociais oficiais do Concello.
- Gañará o vídeo que obteña o maior número de interaccións (gústames, compartidos, etc.) ata o **19 de decembro de 2025 ás 15:00**.
- O Concello poderá descualificar participacións que empreguen métodos fraudulentos, votos artificiais, duplicación de interaccións ou calquera práctica que comprometa a transparencia, reservándose o dereito de eliminar calquera interacción sospeitosa para garantir a equidade do proceso.
- O concurso non contará cun xurado profesional; a elección da decoración gañadora realizarase exclusivamente mediante votación pública.
- En caso de empate, o Concello poderá abrir un novo período de votación ou aplicar outro criterio obxectivo, que será comunicado publicamente.
- O Concello verificará a autenticidade das interaccións, podendo descualificar vídeos con indicios de manipulación ou fraude.

6. Criterios orientativos de valoración

Aínda que o sistema é por votación pública, recoméndase ter en conta:

- Creatividade e deseño.
- Coherencia estética e iluminación.
- Uso de materiais reciclados ou sostibles.
- Participación veciñal e valor comunitario.
- Identidade local e posta en valor da aldea.

7. Premios

Os premios consistiran nun lote de produtos de decoración de nadal.

- ☐ 1º premio: Lote valorado en **300 €**
- ☐ 2º premio: Lote valorado en **200 €**
- ☐ 3º premio: Lote valorado en **100 €**

8. Entrega de premios

A entrega dos premios terá lugar o **5 de xaneiro de 2026**, durante a tradicional **Cabalgata de Reis** do Concello da Baña.

9. Dereitos de propiedade intelectual

A participación no concurso implica que a aldea participante **cede ao Concello**:

- Os dereitos de reprodución, comunicación pública e difusión do vídeo enviado.

- O uso das imaxes e gravacións da decoración para fins divulgativos, culturais ou promocionais do propio Concello.

En ningún caso esta cesión implica perder a autoría orixinal, pero sí a aceptación do seguinte:

“Dereitos de propiedade intelectual e protección de datos persoais

1. Propiedade intelectual sobre o vídeo

A persoa participante declara ser autora do vídeo ou ter os dereitos necesarios para o seu uso.

Cédense ao Concello, de forma non exclusiva, gratuíta e por tempo indefinido, os dereitos de:

-Reproducción, distribución e comunicación pública.

-Difusión en redes sociais e materiais promocionais.

- Axustes técnicos mínimos (duración, formato, son, grafismos).

A autoría moral permanece en todo caso na persoa participante.

2. Dereitos de imaxe

A aldea garante contar coa autorización das persoas que aparezan no vídeo. O Concello poderá requirir xustificación documental.

3. Datos persoais

Os datos serán tratados polo Concello da Baña para:

- ✓ Xestionar o concurso.
- ✓ Comunicar incidencias.
- ✓ Publicar os vídeos participantes.
- ✓ O tratamento axustarase ao RXPD e á Lei Orgánica 3/2018.
- ✓ Os dereitos ARSOPL poderán exercerse no Rexistro Municipal ou en: delegado proteccion de datos (indicar correo completo).

4. Responsabilidade

O Concello non se responsabiliza das reclamacións derivadas do contido dos vídeos. O incumprimento das bases poderá supoñer exclusión inmediata.”

10. Aceptación das bases

A participación implica a aceptación completa destas bases e das decisións do Concello.

ANEXO I – Ficha de inscrición

Nome	da	Aldea/Parroquia	ou	Lugar:
				representante:
DNI/NIE:			Teléfono:	
Correo				electrónico:
Enderezo				notificacións:

Declaro que:

- Acepto as bases do I Concurso de Decoración de Nadal das Aldeas da Baña.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña, A Coruña
Tels.: 981 886 501
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

- Comprométome a representar á Aldea/Parroquia ou Lugar, e a transmitir toda a información necesaria.
- Autorizo a difusión do vídeo e das imaxes da decoración segundo a cláusula de propiedade intelectual das bases da convocatoria
- No caso de menores participantes, dispoño das autorizacións correspondentes.

Sinatura da persoa representante:

Data: ____ / ____ / 2025"

Segundo: Publicar o presente Decreto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro da Sede electrónica do Concello da Baña.

Terceiro: Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a notificación aos terceiros interesados.

Mándao e asíno O Alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretaria accidental, Rocío Caamaño Gerpe, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE